



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Este luns 23 de marzo o conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, e o director da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Manuel Varela, presentaron no Parque Tecnolóxico de Galicia en San Cibrao das Viñas (Ourense) o **programa AgroBiotech Innovación**.

Este programa, que se enmarca no apoio ó crecemento sustentable das empresas innovadoras galegas en aliñamento cos retos e prioridades da **RIS3 de Galicia**, ten como obxectivo aumentar o potencial innovador das PEMEs participantes, favorecer o desenvolvemento de novos produtos e servizos innovadores, establecer relacións con novos socios e facilitar a transferencia de coñecemento e o acceso a información entre empresas.

A edición 2015, que ten actualmente aberto o prazo de solicitude, está orientada a aquelas pemes innovadoras, en fase de crecemento ou consolidación, que desenvolvan a súa actividade en Galicia no eido dos ámbitos **biotecnolóxico, agroalimentario ou da biomasa**.

AgroBiotech Innovación non é un programa máis de aceleración baseado na formación, pretende ir máis aló, por iso porá a disposición de cada empresa seleccionada un **plan de traballo individualizado** (“itinerario específico”) elaborado por expertos, en atención ás necesidades de cada empresa.

A dotación económica desta convocatoria é de **700.000 €**. **Máis de 200 empresas** poderán beneficiarse das accións abertas do programa; ademais das 15 empresas seleccionadas para as que se elaborará cadanseu “itinerario específico”.

O prazo para a presentación de solicitudes remata o **22 de abril de 2015**. As **bases completas da convocatoria**, así como o acceso á **plataforma electrónica** de presentación de solicitudes están accesibles a través das páxina web de **GAIN** e da **Tecnópole**.

Ademais, GAIN pon á túa disposición un correo electrónico, [servizos.gain@xunta.es](mailto:servizos.gain@xunta.es), e un teléfono, 881 999 121, para atender as túas consultas.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).